

Blacksad: Alma Roja


Guarnido, Juanjo
Díaz Canales, Juan
Norma Editorial

Gañador de 3 Premios no Saló del Còmic de Barcelona 2006

John Blacksad, detective privado reciclado en gardacostas, verase metido nesta ocasión nunha intriga política de alcance internacional cando reencontre a un antigo profesor, agora toda unha eminencia en enerxía atómica, e a súa axudante, a fermosa escritora Alma Mayer.



A mansión dos Pampín




Miguelanxo Prado

O último álbum de Prado, a toda cor. A herdanza dunha casa na aldea leva aos Pampín a entrar en contacto con notarios, construtores, veciños, alcaldes... Sucesión de situacións tan divertidas como reais. E todo iso con esas rúas, casas, ventás que sempre parecen da Coruña, aínda que non o sexan, E as inevitables escenas na praia, claro.

El Escorpión: La Marca del diablo

Tillieux
Norma Editorial

Marini é un dos debuxantes europeos máis sorprendentes da última década. En poucos anos foi quen de crear máis dunha ducia de álbumes e abrir máis de 3 coleccións diferentes. El Escorpión, unha serie de capa e espada transcorre no século XV na que o protagonista, un buscador de reliquias, sumérxese nunha fascinante aventura na cidade de Roma.



http://www.guiadelcomic.com/comics/el_escorpion.htm

El Cómic y el Arte Secuencial




Will Eisner
Norma Editorial

A nova versión deste clásico da teoría dos cómics de Will Eisner é un libro imprescindible para especialistas e afeccionados que inclúe páxinas inéditas.

La Narración Gráfica

Will Eisner
Norma Editorial

Tras o rotundo éxito de "El cómic y el Arte Secuencial", o mestre Eisner, segue recompilando a súa sabedoría neste novo volume. Imprescindible para todo o que queira comprender a creación de cómics.



**NOVIDADES
DE BANDA
DESEÑADA**



**BIBLIOTECA
O segrel
do Penedo**

Contos

Olimpiada

Música

Información

Cine

na nosa

BIBLIOTECA

Maio 2007


Maus

Art Spiegelman.

Editorial Planeta DeAgostini.

Autor estadounidense de familia xudía, de pais polacos. "Maus" é probablemente un dos tres ou catro mellores álbums de banda deseña dos publicados ata agora. Con aire de fábula –personaxes con cara de rata, gato, etc.- conta ao mesmo tempo a historia dos seus pais, vítimas dos nazis na Polonia ocupada na II Guerra Mundial, e a das súas relacións co seu pai nos anos 70 e 80 nos EE.UU.

Premio Pulitzer 1992.




Lucille

Debeurme, Ludovic.

Norma Editorial

Lucille é un vivo retrato dun dos problemas clave entre a xuventude actual, a anorexia e o autorrexeitamento. Da man dun xove Debeurme, consolidado xa como unha das grandes promesas da "Nouvelle BD" francesa, esta cautivadora novela gráfica acércanos á vida dunha adolescente cuxos problemas e unha baixa autoestima dificultan a súa relación cos demais. A aparición do seu primeiro amor, un turbulento rapaz con un pai alcohólico, cambiará a súa vida.




Persépolis

Marjane Satrapi

Norma Editorial

A obra autobiográfica PERSÉPOLIS, de Marjane Satrapi, foi a triunfadora na entrega do Primeiro Premio pola Paz Fernando Buesa Blanco, co que se trata de apoiar e potenciar novos espazos para a difusión de valores como a xustiza, a liberdade e a tolerancia. É a historia de como creceu nun réxime fundamentalista islámico que a acabaría levando a abandonar o seu país. O cómic comeza a partir do ano 1979, cando Marjane ten dez anos e dende a súa perspectiva infantil é testemuña dun cambio social e político que pon fin a máis de cincuenta anos de reinado do sha de Persia en Irán e da paso a unha república islámica.



300


Frank Miller

Lynn Varley

Norma Editorial

¡Chega a octava edición dunha obra maestra! Galardonada con tres Premios Eisner e dous Premios Harvey 300 transmítenos toda a forza dos espartanos que defenderon o paso das Termópilas. Un volume de luxo a todo cor e en formato apaisado, grazas ao que disfrutamos das súas impactantes imaxes que a miúdo se estenden ao longo de páxinas dobres.

<http://300themovie.warnerbros.com/>



Capitán Patapalo


Christian Rossi

Enrique S. Abulí

Norma Editorial

¡Enterrade os tesouros! ¡Agochade ás mulleres! ¡Pechade os portos! ¡Que tremen os mares, que chega Patapalo!

O pirata máis infame e cínico que ten surcado os océanos cobra vida da man de Christian Rossi e un dos nosos guionistas máis internacionais Enrique S. Abulí




Watchmen

Adrian Tomine.

DC Comics

Un cómic de superheroes guionizada por Alan Moore e debuxada por Dave Gibbons, ámbolos dous británicos. É considerado como unha das obras cume do cómic estadounidense. Publicado por primeira vez entre os anos 1986 e 1987, ten sido reeditado varias veces e traducido a varios idiomas.



Blankets

Craig Thompson

Astiberri Ediciones

Historia autobiográfica, premiada en EE.UU. e moi eloxiada alí e en Europa. A súa infancia, o acoso no instituto, o ambiente familiar, as fortes convicións relixiosas del e da familia, un primeiro amor cheo de conflitos... Chegará á crise persoal, relixiosa...



Spiderman

Brian Michael Bendis

Mark Bagley

Editorial Marvel

Ultimate Spiderman toma o concepto básico de Spiderman (e dos seus personaxes secundarios e antagonistas, claro) e nolo volven a presentar, actualizado para os tempos que corren, e contando a súa historia desde o principio, comezando de cero como se o personaxe tivera sido creado na actualidade.

